



Concreción curricular

IES PLURILINGÜE AQUIS CELENIS

INTRODUCCIÓN	- 5 -
A) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DA ETAPA Ó CONTEXTO DO CENTRO.	- 6 -
ESO	- 6 -
Obxectivos da ESO adaptados ao contexto do centro:	- 6 -
BACHARELATO	- 6 -
Obxectivos do bacharelato adaptados ao contexto do centro:	- 6 -
B) CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.	- 8 -
DESCRITORES OPERATIVOS DO PERFIL DE SAÍDA DA ESO	- 8 -
DESCRITORES OPERATIVOS DO PERFIL DE SAÍDA DO BACHARELATO	- 11 -
C) CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	- 14 -
C.1. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS	- 14 -
Tratamento integrado de linguas.	- 14 -
Fomento da competencia comunicativa en todas as materias.	- 14 -
Fomento da mellora da competencia matemática	- 15 -
Tarefas interdisciplinares	- 15 -
Emprego das TIC e Edixgal	- 15 -
C.2. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	- 15 -
D) CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA	- 18 -
Disposición do alumnado na aula	- 18 -
Aprendizaxe cooperativa	- 18 -
Fomento da biblioteca	- 18 -
Potenciación do método científico como modo de resolución de problemas.	- 18 -
E) CRITERIOS XERAIS SOBRE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	- 20 -
F) CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	- 26 -
Actividades propostas polos departamentos	- 26 -



Actividades organizadas por Vicedirección	- 26 -
G) OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE.	- 29 -
ESO	- 29 -
BACHARELATO	- 30 -
H) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO	- 33 -
I) CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN	- 33 -
Organización das avaliacións	- 33 -
A avaliación na ESO	- 34 -
Criterios de promoción de curso	- 34 -
Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado que permaneza un ano máis no curso.	- 35 -
Criterios de titulación	- 35 -
Probas ou actividades personalizadas extraordinarias	- 35 -
Avaliación de diagnóstico	- 36 -
A avaliación en Bacharelato	- 36 -
Organización das avaliacións	- 36 -
Criterios de promoción de curso	- 37 -
Criterios de titulación	- 37 -
Procedemento para a acreditación de coñecementos previos en bacharelato	- 38 -
Criterios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior.	- 38 -
Procedemento de revisión e de reclamacións ó longo do curso e ás cualificacións finais	- 39 -
Reclamacións ás cualificacións finais	- 39 -
J) PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS Ó LONGO DO CURSO E OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA	- 42 -
K) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE ACADU A PROMOCIÓN CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	- 42 -
L) AS DECISIÓNS E OS CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	- 44 -
Datas de entrega e revisións	- 44 -
Cuestionario para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino-aprendizaxe do profesorado:	- 44 -
M) OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS	- 46 -
Participación en programas educativos	- 46 -
Plans de Formación do profesorado	- 46 -



Contratos-programa	- 46 -
Participación en Proxectos institucionais	- 47 -
Programas de intercambio lingüístico-cultural	- 47 -
N) O PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR	- 47 -

INTRODUCCIÓN

A presente Concreción curricular baséase na seguinte normativa:

- [Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.](#)
- [ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa](#)
- [ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.](#)
- [ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa](#)
- [RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24](#)
- [DECRETO 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia](#)
- [DECRETO 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#)
- [ORDE do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo](#)
- [ORDE do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo](#)
- [Instrución 10/2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establecen para o curso 2023/24 os prazos e o procedemento para as reclamacións das cualificacións finais no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa](#)

A) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DA ETAPA Ó CONTEXTO DO CENTRO.

ESO

A finalidade da educación secundaria obrigatoria é lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Obxectivos da ESO adaptados ao contexto do centro:

- Asumir responsablemente os deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade; afianzar dereitos humanos e preparación para o exercicio da cidadanía democrática.
- Hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.
- Respecto á igualdade de dereitos entre sexos. Rexeitamento de estereotipos discriminatorios entre homes e mulleres.
- Fortalecer as capacidades afectivas, rexeitar a violencia e os prexuizos, promover a resolución pacífica de conflitos na procura da restauración das relacións persoais entre as persoas implicadas.
- Desenvolver destrezas na busca de información. Desenvolver competencias tecnolóxicas básicas.
- Concibir o coñecemento científico como saber integrado; coñecer e aplicar os métodos para identificar problemas.
- Espírito emprendedor, sentido crítico, iniciativa persoal, planificación e responsabilidade.
- Comprender e expresar mensaxes correctas, oralmente e por escrito nas linguas oficiais.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o corpo, respectar as diferenzas, hábitos de coidado e saúde e incorporar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a sexualidade coa súa diversidade.
- Apreciar a creación artística.
- Coñecer aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade galega.

BACHARELATO

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Obxectivos do bacharelato adaptados ao contexto do centro:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha



sociedade xusta e equitativa.

- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

B) CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave son os coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado precisa para o seu desenvolvemento persoal para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta.

O perfil de saída do alumnado ao acabar a ESO ou o bacharelato concreta, a través de descritores operativos, a adquisición das competencias clave. As competencias clave que se recollen no perfil de saída son a adaptación ao sistema educativo galego das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente e son as seguintes:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

DESCRITORES OPERATIVOS DO PERFIL DE SAÍDA DA ESO

Ao completar o ensino básico o alumnado:

CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.

CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos



discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.

CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se é necesario.

STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu redor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.

STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.

STEM5. Empeña accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.



CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, reconece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.

CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

CC2. Analiza e asume fundamentalmente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.

CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autocoñecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.

CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

CCEC2. Goza, reconece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.

CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.



DESCRITORES OPERATIVOS DO PERFIL DE SAÍDA DO BACHARELATO

CCL1. Exprésase de xeito oral, escrito, signado ou multimodal con fluidez, coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais e académicos, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información, crear coñecemento e argumentar as súas opinións como para establecer e coidar as súas relacións interpersoais.

CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos distintos ámbitos, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada, e para construír coñecemento.

CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de xeito autónomo información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para a comunicar de maneira clara e rigorosa adoptando un punto de vista creativo e crítico, á par que respectuoso coa propiedade intelectual.

CCL4. Le con autonomía obras relevantes da literatura e ponas en relación co seu contexto sociohistórico de produción e coa tradición literaria anterior e posterior, e examina a pegada do seu legado na actualidade, para construír e compartir a súa propia interpretación argumentada das obras, crear e recrear obras de intención literaria e conformar progresivamente un mapa cultural.

CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando e rexeitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos sistemas de comunicación.

CP1. Utiliza con fluidez, adecuación e aceptable corrección unha ou máis linguas, ademais da lingua familiar ou das linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas con espontaneidade e autonomía en diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

CP2. A partir das súas experiencias, desenvolve estratexias que lle permitan ampliar e enriquecer de forma sistemática o seu repertorio lingüístico individual co fin de se comunicar de xeito eficaz.

CP3. Coñece e valora criticamente a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal e antepondo a comprensión mutua, como característica central da comunicación, para fomentar a cohesión social.

STEM1. Selecciona e utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade elixida e emprega estratexias variadas para a resolución de problemas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, en caso necesario.

STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar fenómenos relacionados coa modalidade elixida, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, formulándose hipóteses e contrastándoa ou comprobándoa mediante a observación, a experimentación e a investigación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade, e amosando unha actitude crítica acerca do alcance e das limitacións dos métodos empregados.

STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando e creando prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou a un problema de xeito colaborativo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e avaliando o produto obtido de acordo cos obxectivos propostos, a sustentabilidade e o impacto transformador na sociedade.

STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de investigacións de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas e símbolos), aproveitando a cultura dixital con ética e responsabilidade e valorando de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, para compartir e construír novos coñecementos.

STEM5. Planea e emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física e



mental, e para preservar o ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable, aplicando principios de ética e seguridade, para crear valor e transformar a súa contorna de maneira sustentable, adquirindo compromisos como cidadán ou cidadá nos ámbitos local e global.

CD1. Realiza procuras avanzadas comprendendo como funcionan os motores de procura na internet, aplicando criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e organizando o almacenamento da información adecuadamente e con seguridade, para a referenciar e a reutilizar posteriormente.

CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais de forma individual ou colectiva, aplicando medidas de seguridade e respectando sempre os dereitos de autoría dixital, para ampliar os seus recursos e xerar novo coñecemento.

CD3. Selecciona, configura e utiliza dispositivos dixitais, ferramentas, aplicacións e servizos en liña, e incorpóraos na súa contorna persoal de aprendizaxe dixital, para se comunicar, traballar colaborativamente e compartir información, xestionando de maneira responsable as súas accións, a presenza e a visibilidade na rede, e exercendo unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

CD4. Avalía riscos e aplica medidas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e fai un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable desas tecnoloxías.

CD5. Desenvolve solucións tecnolóxicas anovadoras e sustentables para dar resposta a necesidades concretas, amosando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA1.1. Fortalece o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de obxectivos de xeito autónomo para facer eficaz a súa aprendizaxe.

CPSAA1.2. Desenvolve unha personalidade autónoma, xestionando construtivamente os cambios, a participación social e a súa propia actividade, para dirixir a súa vida.

CPSAA2. Adopta de maneira autónoma un estilo de vida sustentable e atende o benestar físico e mental propio e o das demais persoas, procurando e ofrecendo apoio na sociedade, para construír un mundo máis saudable.

CPSAA3.1. Aмосa sensibilidade cara ás emocións e as experiencias das demais persoas, sendo consciente da influencia que exerce o grupo nas persoas, para consolidar unha personalidade empática e independente e desenvolver a súa intelixencia.

CPSAA3.2. Distribúe nun grupo as tarefas, os recursos e as responsabilidades de xeito ecuánime, segundo os seus obxectivos, favorecendo un enfoque sistémico para contribuír á consecución de obxectivos compartidos.

CPSAA4. Compara, analiza, avalía e sintetiza datos, información e ideas dos medios de comunicación, para obter conclusións lóxicas de forma autónoma, valorando a fiabilidade das fontes.

CPSAA5. Planifica a longo prazo avaliando os propósitos e os procesos da construción do coñecemento, relacionando os campos deste para desenvolver procesos autorregulados de aprendizaxe que lle permitan transmitir ese coñecemento, propor ideas creativas e resolver problemas con autonomía.

CC1. Analiza feitos, normas e ideas relativas á dimensión social, histórica, cívica e moral da súa propia identidade, para contribuír á consolidación da súa madurez persoal e social, adquirir unha conciencia cidadá e responsable, desenvolver a autonomía e o espírito crítico, e establecer unha interacción pacífica e respectuosa coas demais persoas e coa contorna.

CC2. Recoñece, analiza e aplica en diversos contextos, de forma crítica e consecuente, os principios, os ideais e os valores relativos ao proceso de integración europea, a Constitución española, os dereitos humanos e a historia e o patrimonio cultural propios, á vez que participa en todo tipo de actividades grupais cunha actitude fundamentada nos principios e nos procedementos democráticos, o compromiso ético coa igualdade, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

CC3. Adopta un xuízo propio e argumentado ante problemas éticos e filosóficos fundamentais e de actualidade, afrontando con actitude dialogante a pluralidade de valores, crenzas e ideas, rexeitando



todo tipo de discriminación e violencia, e promovendo activamente a igualdade e a corresponsabilidade efectiva entre mulleres e homes.

CC4. Analiza as relacións de interdependencia e ecodpendencia entre as nosas formas de vida e a contorna, realizando unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e ecosocialmente responsable con actividades e hábitos que conduzan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable e a loita contra o cambio climático.

CE1. Avalía necesidades e oportunidades e afronta retos, con sentido crítico e ético, avaliando a súa sustentabilidade e comprobando, a partir de coñecementos técnicos específicos, o impacto que poidan supor na contorna, para presentar e executar ideas e solucións anovadoras dirixidas a distintos contextos, tanto locais como globais, no ámbito persoal, social e académico, con proxección profesional emprendedora.

CE2. Avalía e reflexiona sobre as fortalezas e as debilidades propias e as das demais persoas, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia; interioriza os coñecementos económicos e financeiros específicos e transfíreos a contextos locais e globais, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia ou unha iniciativa emprendedora de valor.

CE3. Leva a cabo o proceso de creación de ideas e solucións anovadoras e toma decisións, con sentido crítico e ético, aplicando coñecementos técnicos específicos e estratexias áxiles de planificación e xestión de proxectos, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para elaborar un prototipo final de valor para as demais persoas, considerando a experiencia, tanto de éxito como de fracaso, unha oportunidade para aprender.

CCEC1. Reflexiona, promove e valora criticamente o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade.

CCEC2. Investiga as especificidades e as intencionalidades de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha postura de recepción activa e deleite, diferenciando e analizando os contextos, os medios e os soportes en que se materializan, así como as linguaxes e os elementos técnicos e estéticos que as caracterizan.

CCEC3.1. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións con creatividade e espírito crítico, realizando con rigor as súas propias producións culturais e artísticas, para participar de xeito activo na promoción dos dereitos humanos e os procesos de socialización e de construción da identidade persoal que derivan da práctica artística.

CCEC3.2. Descubre a autoexpresión, a través da interactuación corporal e a experimentación con diferentes ferramentas e linguaxes artísticas, enfrontándose a situacións creativas cunha actitude empática e colaborativa, e con autoestima, iniciativa e imaxinación.

CCEC4.1. Selecciona e integra con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para deseñar e producir proxectos artísticos e culturais sustentables, analizando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral que ofrecen, servíndose da interpretación, a execución, a improvisación ou a composición.

CCEC4.2. Planifica, adapta e organiza os seus coñecementos, as súas destrezas e as súas actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desempeños derivados dunha produción cultural ou artística, individual ou colectiva, utilizando diversidade de linguaxes, códigos, técnicas, ferramentas e recursos plásticos, visuais, audiovisuais, musicais, corporais ou escénicos, valorando tanto o proceso como o produto final, e comprendendo as oportunidades persoais, sociais, inclusivas e económicas que ofrecen.

C) CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

C.1. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

Dadas as características diferentes entre o ensino obrigatorio e o bacharelato, moitos dos elementos pedagóxicos que imos indicar a continuación serán implementados en diferente grao nestas dúas etapas, non obstante procurárase sempre un ensino no que o/a docente se axuste ás diferentes necesidades do alumnado e facilite recursos ou estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos/as nestas idades.

Tratamento integrado de linguas.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ó desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Concretarase nos seguintes aspectos:

- Unificación terminolóxica en todas as áreas de linguas.
- Reparto de contidos entre as linguas cooficiais
- En todas as áreas de lingua se traballarán e se avaliarán as catro destrezas: expresión e comprensión oral e escrita.
- Coordinarase os procedementos de avaliación das catro destrezas entre os departamentos.
- En todas as linguas se traballará a lectura comprensiva e a expresiva.
- Coordinarase entre os distintos departamentos as estratexias de produción e avaliación da tipoloxía textual, así como a súa temporización.
- Empregarase para a avaliación rúbricas similares en todas as materias, que axuden o alumnado a guiar a elaboración das súas producións.
- Distribuirase entre as materias de Lingua Castelá e Lingua Galega a aprendizaxe do uso das ferramentas básicas das novas tecnoloxías da comunicación: procesadores de texto, elaboración de presentacións dixitais, aplicacións para realizar esquemas ou cadros sinópticos...

Fomento da competencia comunicativa en todas as materias.

É importante que o alumnado entenda que a competencia lingüística non se adquire só nas materias de lingua nin hai que demostrala unicamente nestas. Por isto, a implicación do profesorado das materias non lingüísticas se fai tan importante, tanto no referente ós aspectos lingüísticos concretos de cada materia que se deben tratar especificamente en cada unha delas (a explicación dun problema matemático coa terminoloxía adecuada, a demostración dun experimento científico, a redacción dun informe sobre unha observación na natureza, a descrición dunha obra de arte...) como no referente a cuestións de norma, léxico variado... Este tratamento da competencia lingüística levarase a cabo a través dos seguintes medios:

a. Plan lector:

A actividade eixo do Plan lector é Hora de ler. Esta actividade desenvolverase, por acordo do claustro, en horas consecutivas ó longo das diferentes semanas, de maneira que implique a todas as materias e a todo o profesorado do centro. Ademais ampliarase a hora de ler a aquelas sesións nas que falte un profesor/a e non deixara previamente ningunha actividade para o alumnado.

b. Avaliación da competencia comunicativa:

- Todas as materias avaliarán a competencia lingüística a partir dunha lista de cotexo aprobada pola CCP e aplicaranlle unha valoración entre 0.5 e 2 puntos no total da nota en cada traballo (sobre 10 puntos).



- Todos os traballos escritos e presentacións dixitais do alumnado deberán cumprir os mesmos requisitos de presentación, tamén consensuados e aprobados na CCP.
- Potenciarase a presentación oral pública dos traballos académicos do alumnado.
- Farase fincapé nos aspectos que rexen o intercambio de información: respecto de quendas, normas de cortesía, volume adecuado...
- Potenciaranse as probas nas que o alumnado deba elaborar a información e non reproducila de maneira memorística. Cando menos unha destas probas en cada avaliación.
- Potenciarase a coordinación coas áreas de linguas para colaborar no tratamento da tipoloxía textual adecuada ós contidos específicos de cada materia.
- Procurarase a coordinación coas aulas de lingua para o achegamento ó uso das ferramentas dixitais que sexan de uso común para todas as materias.
- Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

Fomento da mellora da competencia matemática

Coa intención de mellorar a competencia matemática e o razoamento dedutivo, o profesorado de matemáticas dedicará as horas de garda que lle correspondan á practica das habilidades matemáticas co alumnado a través de recursos lúdicos, que figurarán nas aulas, que fomentan a participación e a motivación mediante retos.

Tarefas interdisciplinares

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ó alumnado avanzar cara ós resultados de aprendizaxe de máis de unha competencia ó mesmo tempo. Estes traballos son unha oportunidade excelente para que, co obxectivo de conseguir un produto final que debe mostrar, demostrar, explicar..., o alumnado poña en práctica as diferentes competencias adquiridas e poida desenvolver a súa creatividade e o espírito crítico. Ademais, cómpre resaltar que o carácter final que perseguen os proxectos e a súa transcendencia pública constitúen un factor de motivación moi importante para o alumnado, sobre todo se se trata de proxectos que perseguen a aprendizaxe-servizo. Por outra banda, as tarefas son un instrumento óptimo para que o profesorado poida avaliar se a aprendizaxe foi ou non significativa.

Emprego das TIC e Edixgal

As tecnoloxías da información e da comunicación constitúen un recurso didáctico que redunde, na maior parte dos casos, nunha maior motivación do alumnado xa que permiten o uso de ferramentas dixitais que facilitan a vida académica. Non obstante as TIC tamén son un fin si mesmo, pois o alumnado debe ser guiado para facer un uso consciente e responsable das mesmas (busca da información, respecto pola propiedade intelectual...), por iso se fai imprescindible a súa utilización nas aulas.

En toda a ESO está implantado o programa **Edixgal**. Nos restantes cursos, todas as aulas están dotadas con proxectores para que o profesorado poida empregalos nas súas sesións docentes. Ademais, o alumnado tamén poderá empregar seis iPADS, para a realización de traballos audiovisuais.

Ademais fomentarase o emprego da **aula virtual** que, ademais de funcionar como repositorio de contidos, tamén o fai como taboleiro de anuncios e vehículo de comunicación entre profesorado e alumnado, moi útil sobre todo cando o alumno/a non pode asistir ás clases por un período de tempo.

C.2. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS



O tratamento dos temas transversais constitúe un pilar fundamental para acadarmos un alumnado plenamente competente en moitas das competencias clave. Por este motivo, independentemente de que algún destes temas teña un tratamento específico nalgunha materia concreta de acordo cos criterios de avaliación propios de cada unha delas, serán tamén abordados na práctica docente das diferentes materias (tal como se especifica nas respectivas programacións didácticas) e ademais farase un achegamento a través de actividades específicas organizadas dende Vicedirección. Desta maneira aseguramos que o conxunto dos temas sexan abordados e se chegue ó 100% do alumnado.

ELEMENTO TRANSVERSAL	CURSOS	MATERIAS	MODO DE ABORDALO
Expresión oral e escrita	Todos	Todas	Unificación de normas de presentación de traballos académicos e criterios para avaliar a competencia lingüística comúns (recollidos no PLC)
Comprensión de lectura	Todos	Todas	Hora de ler Práctica docente diaria
Comunicación audiovisual	Todos	Todas	Uso da aula virtual en diferentes materias. Emprego de presentacións dixitais, exercicios interactivos, elaboración de materiais audio-visuais, montaxes fotográficas...
Competencia dixital	Todos	Todas	A través de tarefas que promovan a comunicación e a colaboración, a creación de contidos dixitais, a seguridade, o benestar dixital, a ciberseguridade, a privacidade, a propiedade intelectual e a resolución de problemas no eido dixital.
Emprendemento social e empresarial	Todos	Todas	Aprendizaxe cooperativa Tarefas de investigación e situacións de autoaprendizaxe.
		Ed. Física	Organización de torneos deportivos e obradoiros por parte do alumnado
Fomento do espírito crítico e científico	Todos	Todas	Tarefas de investigación e resolución de problemas empregando o método científico.
Educación emocional e en valores	Todos	Todas	Actividades complementarias e extraescolares. Plan de acción tutorial Horas de libre disposición do centro en 1º e 2º ESO
Igualdade de xénero	Todos	Todas	Actividades de centro
		Lingua Galega	Obras de lectura que inciden nesta temática
Creatividade	Todos	Todas	Desenvolvemento de proxectos tanto dentro das materias coma interdisciplinares.
Educación para a saúde	Todos	Todas	Talleres sobre a saúde física e emocional.



Formación estética	Todos	Todas	Desenvolvemento de proxectos tanto dentro das materias coma interdisciplinares.
Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	Todos	Todas	Charlas de organizacións especializadas.
Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	Todos	Todas	Plan de acción titorial.

D) CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

Dadas as características diferentes entre o ensino obrigatorio e o bacharelato, moitos dos elementos metodolóxicos que imos indicar a continuación serán implementados en diferente grao nestas dúas etapas, non obstante procurárase sempre un ensino no que o/a docente se axuste ás diferentes necesidades do alumnado e facilite recursos ou estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos/as nestas idades. A metodoloxía empregada terá en conta todos aqueles aspectos que procuren un ensino dinámico, autónomo e de intercambio entre iguais no proceso de aprendizaxe, mais non por iso se rexeita o traballo individual e a necesaria reflexión e interiorización de contidos, así coma a memorización nos casos nos que for preciso; a boa combinación entre estes elementos será a que dará lugar a unha adquisición significativa dos coñecementos e o desenvolvemento das competencias. Entre os diferentes elementos metodolóxicos potenciaranse os seguintes:

Disposición do alumnado na aula

A distribución do alumnado poderá adaptarse ó sistema de traballo que se estea a empregar en cada aula. Aínda que ás veces certos condicionantes externos como o tamaño das aulas ou o feito de estaren destinadas para usos específicos (música, plástica...) determinan a disposición, como regra xeral a disposición será ou ben en parellas ou ben en grupos para os equipos de traballo. Isto non é óbice para que se empreguen de maneira ocasional outras disposicións como a forma “en u” ou a distribución individual.

Aprendizaxe cooperativa

O traballo por proxectos do que falamos anteriormente precisa moitas veces dunha organización das tarefas de maneira colectiva por parte dos alumnos e alumnas e para isto o método máis efectivo é a aprendizaxe cooperativa que, a partir de diversas estratexias, permite a asunción de responsabilidades e a aprendizaxe entre iguais.

Este tipo de metodoloxías non sempre é posible empregarlas nos cursos de bacharelato onde os contidos excesivos impiden dedicarlles o tempo necesario. Non obstante, si se procurará introducir nos cursos da ESO, basicamente nos dous primeiros, coa intención de que isto permita ó alumnado adquirir o hábito do traballo en equipo e o da asunción de responsabilidades compartidas para conseguir un único produto.

Fomento da biblioteca

A biblioteca escolar ten un papel determinante na aprendizaxe, non só pola súa importancia para o fomento da lectura senón tamén como factor de alfabetización na consecución de información, tanto en soporte tradicional como dixital. Ademais a biblioteca é un excelente axente dinamizador para os traballos interdisciplinares que se poidan argallar no centro. Por esta razón, tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e fomentase o uso do espazo das salas de lectura entre o profesorado, como método para fomentar o traballo cooperativo, a busca de información e a autoaprendizaxe.

Potenciación do método científico como modo de resolución de problemas.

Fomentarase a formulación de hipóteses e posterior comprobación (ensaio e erro) como método de traballo, non unicamente nas materias relacionadas co ámbito científico senón como enfoque habitual



para abordar calquera tipo de actividade, pois en todas as materias é preciso partir da elaboración de borradores (hipóteses de traballo) antes da presentación do resultado final.

Do mesmo xeito, potenciarase o uso práctico nas materias específicas do ámbito científico implementando unha sesión quincenal de práctica en laboratorio que permita ó alumnado comprobar os coñecementos teóricos na vida real.

E) CRITERIOS XERAIS SOBRE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

No centro existen unha serie de recursos que son de uso común para todo o centro (biblioteca, sala de traballo para alumnado, aula de usos múltiples con escenario e dúas aulas de informática). Ademais todas as aulas da ESO están dotadas de bibliotecas de aula que constan de obras literarias e obras de carácter divulgativo. Por suposto, existen tamén aulas especializadas para a impartición de materias como Plástica ou Música, un taller de tecnoloxía, un ximnasio (claramente insuficiente) e laboratorios de Bioloxía, Física e Química, este último de dimensións reducidas. Por outro lado, todas as aulas están dotadas de ordenadores, pantallas dixitais e canón; ademais as aulas de ESO contan con ordenadores para todo o alumnado (Edixgal).

Ademais destes recursos, en cada materia empréganse os materiais didácticos que a continuación se especifican:

1º ESO

MATERIA	LIBRO DIXITAL	OUTROS RECURSOS (dispoñibles no curso de Edixgal)
Matemáticas	Edixgal: Recursos de edición propia e dos libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado en edixgal. Follas e/ou cuestionarios de cálculo mental.
L. Inglesa	Edixgal: Recursos de todos os libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado. Caderno de actividades "Influence 1", Macmillan
Lingua galega	Edixgal: Netex	Recursos elaborados pola profesora e outros dispoñibles na AV. Proxecto Cotovía
Lingua Castelá	Edixgal: Netex	Obras literarias para lecturas
2ª L. Francés		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
2ª Lingua Portugués		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
Ed. Plástica	Edixgal: EDB	Láminas
Ed. Física		Apuntamentos elaborados pola profesora
Xeo. e Hª	Edixgal: Netex	Curso de referencia en Edixgal e outros materiais elaborados pola docente, accesíbeis na plataforma.
Tecnoloxía e Dixitalización	Edixgal: Netex e Planeta	O curso de referencia en Edixgal tamén serve como repositorio doutros materiais elaborados e/ou recompilados polo profesorado.
Relixión católica	Edixgal	Material audiovisual seleccionado polo profesorado
Proxecto competencial		Apuntamentos e material audiovisual seleccionado pola profesora
Bioloxía e Xeoloxía	Edixgal: Planeta e Netex	Laboratorio de Ciencias, Blog persoal, apuntamentos elaborados polo profesor.

2º ESO

MATERIA	LIBRO DIXITAL	OUTROS RECURSOS (dispoñibles no curso de Edixgal)
Matemáticas	Edixgal: Recursos de edición propia e dos libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado en edixgal. Follas e/ou cuestionarios de cálculo mental.
L. Inglesa	Edixgal: Recursos de todos os libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado. Caderno de actividades "Influence 2", Macmillan
Lingua galega	Edixgal: EDEBE	Obras literarias para lecturas



Lingua Castelá	Edixgal: Netex	Obras literarias para lecturas
2ª L. Fr.		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
2ª Lingua Portugués		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
Música	Edixgal: Netex	
Tecnoloxía e Dixitalización	Edixgal: Netex e Planeta	O curso de referencia en Edixgal tamén serve como repositorio doutros materiais elaborados e/ou recompilados polo profesorado.
Ed. Física		Apuntamentos elaborados pola profesora
Xeo. e Hª.	Edixgal: Netex	Curso de referencia en Edixgal e outros materiais elaborados pola docente, accesíbeis na plataforma
Proxecto competencial		
Relixión católica	Edixgal	Material audiovisual seleccionado polo profesorado
Física e Química	Edixgal	Apuntamentos elaborados polo profesorado. Laboratorio de Física

3º ESO

MATERIA	LIBRO DIXITAL	OUTROS RECURSOS (dispoñibles no curso de Edixgal)
Matemáticas	Edixgal: Recursos de edición propia e dos libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado en edixgal. Follas e/ou cuestionarios de cálculo mental.
L. Inglesa	Edixgal: Recursos de todos os libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado. Caderno de actividades "Influence 3", Macmillan
Lingua galega	Edixgal: EDEBE	maioritariamente recursos elaborados pola profesora
Lingua Castelá	Edixgal: Netex	Obras literarias para lecturas
2ª L. Fr.		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
2ª Lingua Portugués		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
Música		Material elaborado polo profesorado. Aula virtual
Ed. Plástica		Apuntamentos elaborados pola profesora
Ed. Física		Apuntamentos elaborados pola profesora
Xeo. E Hª.	Edixgal	Curso de referencia en Edixgal e outros materiais elaborados polo docente, accesíbeis na plataforma.
Relixión cat.	Edixgal	Material audiovisual
Proxecto competencial		
Fís. e Quí.	Edixgal	Laboratorio de Física Apuntamentos elaborados polo profesorado
Bioloxía e Xeoloxía	Edixgal: Planeta e Netex	Laboratorio de Ciencias, Blog persoal, apuntamentos elaborados polo profesor.
Cultura Clásica		
Educación en valores cívicos e éticos.		Material elaborado polo profesor accesibles na plataforma Edixgal
Ed. Dixital		Apuntamentos accesibles en Edixgal

4º ESO

MATERIA	LIBRO DIXITAL	OUTROS RECURSOS (dispoñibles no curso de Edixgal)
Matemáticas A	Edixgal: Recursos de	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado en edixgal.



	edición propia e dos libros	Follas e/ou cuestionarios de cálculo mental.
Matemáticas B	Edixgal: Recursos de edición propia e dos libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado en edixgal. Follas e/ou cuestionarios de cálculo mental.
L. Inglesa	Edixgal: Recursos de todos os libros	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado. Caderno de actividades "Influence 4", Macmillan
Lingua galega	Edixgal: NETEX	Outros recursos elaborados polo profesorado - Obras literarias para lecturas
Lingua Castelá	Edixgal: Netex	Obras literarias para lecturas
2ª L. Portugués		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
2ª L. Francés		Material audiovisual e apuntamentos accesibles en Edixgal
Música		Material creado polo profesorado
Expresión artística		
Ed. Física		Apuntamentos elaborados pola profesora
Xeo. E Hª.	Edixgal	Curso de referencia en Edixgal e outros materiais elaborados polo docente, accesíbeis na plataforma.
Relixión católica	Edixgal	Material audiovisual
Proxecto competencial		Apuntamentos e material audiovisual seleccionado pola profesora
Fís. e Quí.	Edixgal	Laboratorio de Física Apuntamentos elaborados polo profesorado
Bioloxía e Xeoloxía	Edixgal: Planeta e Netex	Laboratorio de Ciencias, Blog persoal, apuntamentos elaborados polo profesor.
Filosofía		Material elaborado polo profesor e accesible na plataforma Edixgal
Economía e emprendemento	Galinova	Material elaborado pola profesora, exercicios, videos, etc.. (dispoñibles no curso de Edixgal)
Oratoria		
Ámbito lingüístico-social		
Ámbito científico-tecnolóxico		
Tecnoloxía		Apuntamentos accesibles en Edixgal e curso de referencia
Dixitalización		Apuntamentos accesibles en Edixgal

1º Bacharelato

MATERIA	LIBRO DE TEXTO			OUTROS RECURSOS (dispoñibles na aula virtual)
	EDITORIAL	TÍTULO	ANO	
Mat.	Anaya	Matemáticas 1º Bach.	2018	Apuntamentos, exercicios, cuestionarios elaborados polo profesorado en aula virtual do centro.
Mat.ap. ás CCSS I	Anaya	Matemáticas aplicadas a las ciencias sociales 1º Bach.	2018	Apuntamentos, exercicios elaborados polo profesorado en aula virtual do centro.
Inglés I	Macmillan	Initiative 1 (Student's Book)	2022	Libro para lectura Material para reforzo e ampliación a través da aula virtual.



Francés I				Material da Aula Virtual
Lingua galega I				Material elaborado polo profesorado dispoñible na aula virtual Obras literarias para lecturas
Lingua Castelá I	Santillana	Lengua Castellana y Literatura	2022	Obras literarias para lecturas
2ª Lingua. Francés I				Material da Aula Virtual
1ª Lingua Portugués I				Material audiovisual e apuntamentos accesibles na aula virtual
Deb. Técnico I				Apuntamentos elaborados pola profesora
Análise Musical I				Material elaborado polo profesor. Aula virtual.
Tecnoloxía e Enxeñería I				Aula Virtual. Apuntamentos elaborados pola profesora
Ed. Física				Apuntamentos elaborados pola profesora
Hª mundo contemporáneo	Vicens Vives	Historia do mundo contemporáneo	2022	Material audiovisual e apuntamentos accesíbeis na aula virtual.
Relixión católica				Material audiovisual e apuntamentos elaborado polo profesorado
Física e Química				Apuntamentos e material elaborados polas profesoras. Laboratorio de Física e laboratorio de Química
Cultura científica				Laboratorio de Ciencias, Blog persoal, apuntamentos elaborados polo profesor.
Economía	Galinova	Economía 1º	2023	Material elaborado pola profesora, exercicios, vídeos, etc
Literatura universal	Edelvives	Manual de Literatura Universal	2020	Material audiovisual e apuntamentos elaborados pola profesora Obras de lectura
Cultura científica				Apuntamentos elaborados pola profesora. Laboratorio
TIC I				Aula Virtual. Apuntamentos elaborados pola profesora
Latín I				Apuntamentos elaborados pola profesora
Grego I				Apuntamentos elaborados pola profesora
Filosofía 1º. Bach	McGraw-Hill	Filosofía.1ºde Bacharelato	2023	Libro de texto.
Anat. apl.				Aula Virtual. Apuntamentos elaborados polo profesor. Ximnasio. Aula de informática.

2º Bacharelato

MATERIA	LIBRO DE TEXTO			OUTROS RECURSOS (dispoñibles na aula virtual)
	EDITORIAL	TÍTULO	ANO	
Matem. II				Apuntamentos, cuestionarios e exercicios elaborados polo profesorado en aula virtual do centro.
Mats. apl. ás CCSS II				Apuntamentos, cuestionarios e exercicios elaborados polo profesorado en aula virtual do centro.



Inglés II				Apuntamentos, cuestionarios e exercicios elaborados polo profesorado en aula virtual do centro.
Francés II				Material audiovisual e apuntamentos accesibles na aula virtual
Lingua galega II				Apuntamentos elaborados polo profesorado accesibles na aula virtual Obras literarias para lecturas
Lingua Castelá II	Oxford	Lengua Castellana y Literatura	2023	Obras literarias para lecturas Apuntamentos elaborados polo profesorado accesibles na aula virtual
2ª Lingua Francés II				Material audiovisual e apuntamentos accesibles na aula virtual
2ª Lingua Portugués II				Material audiovisual e apuntamentos accesibles na aula virtual
Deb. Téc. II				Apuntamentos elaborados polo profesorado
Xeoloxía e CC Ambientais				Apuntamentos Blog do profesor Laboratorio de Ciencias
Tecnoloxía e Enxeñería II				Aula Virtual. Apuntamentos elaborados pola profesora
Xeografía				Material audiovisual e apuntamentos accesíbeis na aula virtual.
Hª España				Material audiovisual e apuntamentos accesíbeis na aula virtual.
Relixión cat.				Material audiovisual e apuntamentos.
Hª da Arte				Material audiovisual e apuntamentos accesíbeis na aula virtual.
Física				Apuntamentos elaborados polas profesoras. Páxinas web: CIUG e outras. Laboratorio de Física.
Química				Apuntamentos elaborados polas profesoras. Páxinas web: CIUG e outras. Laboratorio de Química.
Bioloxía				Material accesible (apuntamentos elaborados pola profesora, interactividades, vídeos, cuestionarios, ...) na aula virtual Laboratorio de ciencias
Empresa e Deseño de Mod de Negocio	Galinova	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio 2º bach.	2023	Material elaborado pola profesora e material audiovisual, accesible dende a aula virtual.
Análise Musical II				Aula Virtual. Apuntamentos elaborados pola profesora
TIC II				Aula Virtual. Apuntamentos elaborados pola profesora
Psicoloxía	Xerais	Psicoloxía	2016	
Latín II				Apuntamentos elaborados pola profesora (teñen que mercar dicionario)
Grego II	Baía Edicións	Grego (o mesmo de 1º)	2015	
Historia da Filosofía. 2º	Rodeira-grupo edebé	Historia da Filosofía 2. Doutra maneira	2023	Libro de Texto e Apuntamentos na Aula Virtual.
Métodos estatísticos e				Apuntamentos, cuestionarios e exercicios elaborados polo profesorado en aula virtual do



numéricos				centro.
-----------	--	--	--	---------

F) CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares son de gran relevancia na educación do alumnado e por iso cómpre unha implicación activa por parte dos diferentes departamentos na súa planificación, que as abordarán entendéndoas como un enfoque metodolóxico que lles permitirá traballar contidos específicos das respectivas materias e, polo tanto, deben constar como unha parte importante nas programacións didácticas dos diferentes departamentos.

Por outro lado, ademais das actividades específicas planificadas polos departamentos para complementar a súa práctica didáctica, tamén se realizarán no centro outras de carácter interdisciplinar que atenden diferentes temáticas de tipo transversal. Aínda que de maneira directa correspóndelle á Vicedirección a súa organización, debe ser a CCP quen decida os proxectos educativos de carácter interdisciplinar nos que participe o centro.

Así pois, a CCP ten, neste sentido, dúas encomendas:

- Facer unha posta en común das actividades extraescolares propostas polos diferentes departamentos para procurar compatibilizalas no máximo posible e así conseguir unha mellor optimización de recursos económicos e persoais (por exemplo, procurando que varios departamentos aproveiten unha mesma actividade, ou asistan a actividades na mesma localidade para compartiren o autobús e o profesorado acompañante).
- Valorar a pertinencia, a idoneidade de datas, o alumnado destinatario... das propostas que se acheguen dende Vicedirección, tanto as que se realicen no centro ou na localidade, como as que supoñan desprazamento e se realicen durante un ou varios días.

Actividades propostas polos departamentos

No que respecta ás actividades propostas por cada departamento, unha vez feita a posta en común antes dita, a Vicedirección elaborará un calendario tendo en conta as posibles compatibilidades pero serán os propios departamentos quen se responsabilizarán da xestión, planificación e avaliación porque son eles quen coñecen mellor os obxectivos que se perseguen e tamén quen é o alumnado implicado. Vicedirección colaborará coa organización de cuestións relativas ó transporte ou a reservas.

Por outro lado, Vicedirección remitiralles tamén ós departamentos as propostas que cheguen ó centro para ver se son do seu interese ou se se poden integrar nas súas programacións, de acordo cos contidos e obxectivos específicos e propios das diferentes materias.

Para a elección das actividades teranse en conta os seguintes criterios:

- Realizáranse dentro do horario lectivo e serán gratuítas para o alumnado.
- Serán de asistencia obrigatoria e avaliábelas polo departamento que as propón.
- Todas as actividades deben poder ser accesibles para todo o alumnado, sen ningún tipo de discriminación (económica, de xénero...).
- Será o profesorado do(s) departamento(s) implicados quen acompañe o alumnado.

Correspóndelle a cada departamento avaliar o resultado da actividade e, polo tanto, a posibilidade de volver propoñela. Os parámetros que se empregarán para esta valoración son os seguintes:

- Idoneidade para o alumnado destinatario.
- Implicación e interese mostrado polo alumnado.
- Aproveitamento para a materia.
- Grao de satisfacción coa entidade organizadora (no caso de ser un organismo ou organización allea ó centro escolar).

Actividades organizadas por Vicedirección

Naqueloutros casos nos que as actividades presenten un carácter interdisciplinar, decidírase a



participación atendendo ós seguintes criterios:

- Fomento da igualdade e inclusión de colectivos marxinais ou marxinaidos.
- Fomento da lingua galega.
- Fomento do coñecemento da realidade próxima.
- Hábitos de vida saudábel e conciencia ecolóxica.
- Fomento de actividades relacionadas co teatro e a lectura.
- Intercambios de alumnado para coñecer outras realidades educativas e culturais.
- Adecuación económica. Nas saídas extraescolares de varios días, está aprobado polo Consello Escolar que, para que non resulten elitistas, o custo non poderá ser superior ós cincocentos euros.
- As viaxes de estudo de varios días terán sempre un marcado carácter cultural (lingüístico, artístico, paisaxístico...) e serán organizadas en colaboración cos departamentos e o profesorado do alumnado asistente á dita actividade.

Atendendo a estes criterios, no centro realízanse unha serie de iniciativas que se foron consolidando debido á experiencia positiva que supuxo a súa realización nos cursos anteriores. Son as que se detallan a seguir:

Semana da ciencia: Lévese a cabo a partir dunha iniciativa do Concello na que participan tamén outros centros educativos da localidade; nela a ciencia sae á rúa e compártense diversas experiencias levadas a cabo en materias do ámbito científico. Non atinxe exclusivamente ós departamentos de ciencias, máis ben trátase dunha oportunidade para traballar de maneira coordinada todos os departamentos coa idea de conseguir amosar fóra do centro a parte máis divulgativa da ciencia e fomentar deste xeito a adquisición das diferentes competencias do alumnado.

Festa da Lingua: En coordinación co resto de centros da comarca, o Equipo de Dinamización da Lingua impulsará a recuperación desta actividade no primeiro venres do mes de maio como un acto de celebración e encontro no que se fallan os diferentes concursos organizados (literarios, musicais, de oralidade...) ó tempo que se homenaxea a lingua galega e se fomenta o seu uso.

Actividades asociadas a efemérides:

- Campaña 25 N: Dende o mes de outubro distintos departamentos traballan dende os seus currículos de xeito interdisciplinar para realizar o día 25 unha xornada de visibilización da discriminación e maltrato ás mulleres (produtos audiovisuais, presentacións, charlas... nas que o alumnado é o protagonista)
- Día da muller e a nena na ciencia, o 11 de febreiro.
- Día do libro
- Día de Rosalía
- Día da Paz
- Letras Galegas

Agrupacións de alumnado e profesorado con inquietudes comúns:

- Grupo de Igualdade e LGTBIQ+. Un grupo de profesorado e alumnado reúnese nalgúns recreos para reflexionar e visibilizar aspectos sobre o xénero e as diferentes opcións sexuais.
- Club de Lectura: Grupo de alumnado e profesorado que se reúne fóra do horario lectivo para fomentar o pracer da lectura e por veces realizar actividades como saídas, contacontos e outras distintas actividades vinculadas ós libros.
- EDLG: Grupo de alumnado e profesorado que se reúne fóra de horario lectivo para normalizar e dinamizar o emprego da lingua galega no centro mediante a elaboración de proxectos audiovisuais, revistas, voluntariado lingüístico...
- Escola de nais e pais. Promóvese unha charla en cada trimestre dirixida ás familias cuxa temática será decidida polo Departamento de orientación e a dirección do centro en función das necesidades que se determinen en cada momento.

Celebración de festas tradicionais: magosto e entroido.

Proxectos educativos ligados a viaxes de máis de un día: unha vez que se recuperou a situación de normalidade con respecto á pandemia, atenderase especialmente a programalas para 4º ESO e 1º



Bach, independentemente de que se poidan engadir outros cursos en función de proxectos de interese. Todas as viaxes que se programen serán traballadas previamente tendo como referencia o currículo.

Todas estas viaxes só se realizarán se hai profesorado disposto a participar e acompañar o alumnado. Non poderá participar nas actividades extraescolares organizadas polo centro o alumnado que mostre de xeito reiterado un comportamento disruptivo na aula ou que manteña un desinterese xeneralizado cara ás materias, que implique non asistir ás clases con regularidade ou non realizar de maneira sistemática as actividades e tarefas encomendadas en varias materias.

G) OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE.

ESO

A oferta educativa réxese polos seguintes principios xerais:

- En todos os cursos de ESO se ofertan como primeira e segunda lingua estranxeiras as materias de Inglés, Francés e Portugués. Só se fará grupo daquelas materias que acaden o número de alumnado mínimo para poderen ser impartidas.
- En 3º curso de ESO ofértanse todas as materias optativas autonómicas, tendo en conta que só se fará grupo daquelas que acaden o número de alumnado mínimo.
- En 4º de ESO ofértanse todas as materias de opción e mailas optativas, tendo en conta que Oratoria e Cultura Clásica só se poden cursar se non se cursaron en 3º de ESO e que ambas son incompatibles entre si e con Filosofía. As materias que se acabarán impartindo dependerá de que se matricule nelas o alumnado mínimo que permita formar grupo.

En 3º e 4º curso de ESO ofertarase un Programa de diversificación curricular (PDC), que ten as seguintes características:

- Vai dirixido a alumnos/as con dificultades relevantes de aprendizaxe para os que se considera que, tras ter recibido medidas de atención nos dous primeiros cursos da etapa, é a medida máis axeitada para a obtención do título.
- Ten dous cursos de duración.
- Inclúe dous ámbitos específicos impartidos cada un deles por un único profesor/a: o ámbito Lingüístico e Social e o ámbito Científico-Tecnolóxico.

As materias que se imparten en ESO están recollidas na seguinte táboa,



1º ESO LOMLOE	2º ESO LOMLOE	3º ESO LOMLOE	4º ESO LOMLOE
Bioloxía e Xeoloxía (3h) Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Lit. (3h) Lingua Galega e Lit. (3h) <u>1ª Lingua Estranxeira (3h)</u> Matemáticas (4h) Educación Física (2h) Educ.Plást. Vis.eAud (2h) Tecnoloxía e Dixitaliz (3h) Tutoría (1h) <u>Relixión / Proxecto compet (1h)</u> <u>Reforzo Educativo (2h)</u> <u>2ª Lingua Estranxeira (2h)</u> (Franc, Portug, Inglés)	Física e Química(3) Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Lit. (3h) Lingua Galega e Lit. (3h) 1ª Lingua Estranxeira (3h) Matemáticas (5h) Educación Física (2) <u>Relixión / Proxecto compet (1h)</u> <u>Reforzo Educativo (2h)</u> Tecnoloxía e Dixitaliz. (3h) Música (2h) <u>2ª Lingua Estranxeira (2h)</u> (Franc, Portug, Inglés)	Bioloxía e Xeoloxía (2h) Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Lit. (3h) Lingua Galega e Lit. (3h) 1ª Lingua Estranxeira (3h) Matemáticas (4h) Educación Física (2h) Física e Química (2h) Educ.Plás. Vis.eAud. (2h) Música (2h) Tutoría (1h) Educ. Valores Éticos e Cív (1h) <u>Relixión / Proxecto comp (1h)</u>	<u>Matemáticas A (4h)</u> <u>Matemáticas B (4h)</u> Xeografía e Historia (3h) Lingua Castelá e Lit. (3h) Lingua Galega e Lit. (3h) 1ª Lingua Estranxeira (3h) Educación Física (2) <u>Relixión / Proxecto comp (1h)</u>
		Elixir 1: <hr/> <u>2ª Lingua Estranxeira (3h)</u> (Francés ou Portugués) <u>Cultura Clásica (3h)</u> <u>Educación Dixital (3h)</u> <u>Oratoria (3h)</u>	Elixir 1 (ou ningunha): <hr/> Filosofía (3h) <u>Cultura Clásica (3h)*</u> <u>Oratoria (3h)*</u>
			Elixir 3 (ou 4): <hr/> <u>Música (3h)</u> <u>Dixitalización (3h)</u> <u>TIC (3h)</u> <u>2ª Lingua Estranxeira (3h)</u> (Francés ou Portugués) Bioloxía e Xeoloxía (3h) Física e Química (3h) Latín (3h) <u>Economía e Emprendemento (3h)</u> Formación e Orient. Pers e Profes (3h) <u>Tecnoloxía (3h)</u> <u>Expresión Artística (3h)</u>

BACHARELATO

No centro impártese o bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e o de Humanidades e Ciencias Sociais. A oferta educativa réxese polos seguintes principios xerais:

- Ofértanse como primeira e segunda lingua estranxeiras as materias de Inglés, Francés e Portugués. Só se fará grupo daquelas materias que acaden o número de alumnado mínimo para poderen ser impartidas.
- Ofértanse todas as materias optativas, tendo en conta que só se fará grupo daquelas que acaden o número de alumnado mínimo.
- Na hora de libre configuración do centro coincidente coa materia de Relixión, o centro ofrece Hora de estudo libre, unha hora da que o alumnado poderá dispoñer para traballar naquelas materias que considere oportuno, guiado por un profesor/a. Daquela, é necesario que non se utilice para engadir unha sesión a calquera das materias do curso.

As materias que se imparten recóllense na seguinte táboa:



1º BACH LOMLOE	
Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e CCSS
Filosofía (3h) Lingua Castelá e Lit. I (3h) Lingua Galega e Lit. I (3h) <u>1ª Lingua Estranxeira I (3h)</u> Educación Física (3) Matemáticas I (4h) <u>Relixión Cat / Hora de estudo libre (1h)</u>	Filosofía (3h) Lingua Castelá e Lit. I (3h) Lingua Galega e Lit. I (3h) <u>1ª Lingua Estranxeira I (3h)</u> Educación Física (3) Mat. Aplic ás CCSS I / Latin I (4h) <u>Relixión Cat / Hora de estudo libre (1h)</u>
Elixir 2 ou 3:	Elixir 2 ou 3:
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4h) Tecnoloxía e Enxeñería I (4h) Debuxo Técnico I (4h) Física e Química (4h)	Grego I (4h) Economía (4h) Historia do mundo contemporáneo (4h) Literatura Universal (4h)
Elixir 1 ou ningunha:	
<u>Anatomía Aplicada (4h)</u> <u>Cultura Científica (4h)</u> <u>Antropoloxía (4h)</u> 2ª Lingua Estranxeira I (4h) <u>Francés - Portugués - Inglés</u> <u>Literatura Galega do sXX e a Actualidade (4h)</u> <u>Tecnoloxías da Información e a Comunicación I (4h)</u> <u>Análise Musical I (4h)</u> <u>Debuxo Artístico I (4h)</u>	



2º Bacharelato LOMLOE	
Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e CCSS
Comúns	
Historia de España (3h)	Historia de España (3h)
Lingua Castelá e Lit. II (3h)	Lingua Castelá e Lit. II (3h)
Lingua Galega e Lit. II (3h)	Lingua Galega e Lit. II (3h)
Historia da Filosofía (3h)	Historia da Filosofía (3h)
1ª Lingua Estranxeira II (3h)	1ª Lingua Estranxeira II (3h)
Relixión Cat / Hora de estudo libre (1h)	Relixión Cat / Hora de estudo libre (1h)
Específicas de Modalidade	
Elixir 1:	
Matemáticas II (4h) Mat. Aplic ás CCSS II (4h)	Latín II (4h) Mat. Aplic ás CCSS II (4h)
Elixir 2 (ou 3):	
Bioloxía (4h) Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4h) <u>Tecnoloxía e Enxeñería II</u> (4h) Debuxo Técnico II (4h) Física (4h) Química (4h)	<u>Empresa e deseño de modelos de negocio</u> (4h) Grego II (4h) Historia da Arte (4h) Xeografía (4h)
Optativas	
Elixir 1 (ou ningunha)	
<u>Tecnoloxías da información e da comunicación II</u> (4h) <u>Psicoloxía</u> (4h) 2ª Lingua Estranxeira (4h) (<u>Francés</u> ou <u>Portugués</u>) Debuxo Artístico II (4h) <u>Análise Musical II</u> (4h) <u>Métodos Estatísticos e Numéricos</u> (4h) <u>Xeograf., Hª, Arte e Patrimonio de Galicia</u> (4h)	

H) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Dentro das medidas de atención á diversidade, o alumnado repetidor será merecente dun plan específico cuxo obxectivo é superar as deficiencias que se detectaran no momento da avaliación inicial. Será na propia avaliación inicial cando o titor/a do grupo recolla a información precisa para elaborar o dito plan (segundo o modelo que figura no PXAD e que se pode cubrir en FOL) no que se deixará constancia de cales son os elementos que se deben reforzar tanto no aspecto individual coma social e cales son as medidas, ordinarias ou extraordinarias, que se pretenden levar a cabo co dito alumnado. As persoas implicadas no dito plan específico serán, ademais do propio titor/a, a orientadora e o profesorado que lle imparta as materias nas que presentase as deficiencias.

I) CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe debe ser continua, formativa e integradora. É dicir, non é unha mera constatación de se o alumnado acadou ou non uns determinados coñecementos senón que se trata dunha posibilidade para a mellora do propio proceso da aprendizaxe no camiño para o alumnado acadar as competencias clave.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado é o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos en cada materia avalíase mediante os criterios de avaliación. Os referentes da avaliación no caso do alumnado da ESO con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación.

Cando o progreso dunha alumna o dun alumno non sexa o adecuado, na ESO estableceranse medidas de reforzo educativo, que se poden tomar en calquera momento do curso.

Na avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Nas sesións de avaliación estará presente todo o profesorado do grupo, coordinado polo/a titor/a, e tamén un membro do equipo directivo, a orientadora do centro e tamén o profesorado que se encargue das medidas de reforzo do alumnado avaliado (PT e PROA+). Nelas, ademais de pór en común as cualificacións nas diferentes materias, analizaranse as causas das cualificacións acadadas polo alumnado e, de ser preciso, adoptaranse decisións para a mellora dos ditos resultados.

Organización das avaliacións

Cada curso está dividido en tres avaliacións parciais e máis unha avaliación final ordinaria; a derradeira desas avaliacións parciais debe coincidir coa avaliación final ordinaria. Para o alumnado do bacharelato que logo da ordinaria non supere algunha materia haberá unha avaliación final extraordinaria. Ó principio do curso é preciso realizar unha **avaliación inicial** que dea ó profesorado unha idea de cales son as circunstancias académicas nas que se encontra cada un dos alumnos e alumnas, de xeito que se poidan poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que se estimen precisas en cada caso. Fixarase unha xunta de avaliación para poñer en común os resultados e as conclusións de cada docente do grupo. Esta será, con carácter xeral, a principios do mes de outubro, unha vez que transcorran cando menos dúas semanas dende o inicio das clases, tempo necesario para que o profesorado poida ter criterios á hora de realizar a dita avaliación. Posteriormente, cada titor/a, a partir dunha reunión inicial coas familias, concertará citas particulares para informalas do que determinou a Xunta de avaliación con respecto ó seu fillo/a, se así se considera preciso.

As avaliacións parciais realizaranse unha vez finalizado cada un dos tres trimestres. Nestas sesións farase tamén o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo, de ser o caso. O claustro de profesorado, na primeira sesión de inicio de curso, establecerá as



datos exactas de xeito que a duración dos tres trimestres sexa o máis equilibrada posible. Será a Xefatura de estudos a que estableza o calendario das sesións de avaliación, aténdose ás datas fixadas previamente na orde que regula o inicio de curso. As datas das sesións de avaliación final ordinaria e extraordinaria de segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a ABAU. Será tamén a Xefatura quen organice unha adaptación do horario de bacharelato entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria, se fose preciso, de cara a que ó alumnado se lle poida impartir, segundo as súas necesidades, actividades de recuperación.

En cada reunión de avaliación, a xunta de avaliación, presidida polo titor/a, analizará os resultados de cada grupo en xeral e de cada alumno e alumna en particular e propondrá medidas de mellora, tanto das materias do curso en vigor coma, de ser o caso, das materias pendentes. Para facilitar o labor das persoas titoras de cara á xestión da sesión de avaliación, o profesorado adiantará a través de FOL a información relativa á situación de cada alumno/a. Da dita sesión o titor/a redactará unha acta, segundo os modelos que se encontran en FOL, da que se entregará copia en Xefatura de estudos.

Na ESO, logo da avaliación final, o profesorado debe deixar constancia dos elementos do currículo non superados polo alumnado que ten avaliación negativa, de xeito que esta información sirva de base para a elaboración no curso seguinte do programa personalizado do alumnado con materias pendentes ou do alumnado repetidor. Este informe elaborárase utilizando FOL.

Na avaliación final os resultados expresaranse nos termos de “insuficiente” (IN) para as cualificacións negativas, e “suficiente” (SU), “ben” (BE), “notable” (NO) ou “sobresaliente” (SO) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de a 10 coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaliente (9 ou 10).

A avaliación na ESO

Crterios de promoción de curso

Na sesión de avaliación final o equipo docente decidirá de xeito colexiado sobre a promoción do alumnado, e para a toma de decisións, de non existir unanimidade, requirirase o **acordo favorable da maioría simple dos seus membros**. A decisión de promoción debe tomarse atendendo á consecución de obxectivos, ó grao de adquisición das competencias e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno.

Para os efectos do indicado anteriormente, o alumnado acadará a promoción dun curso a outro se supera todas as materias (ou ámbitos) e tamén se ten avaliación negativa en unha ou dúas materias, cómputo para o cal se considerarán as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente. Ademais o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou alumno sempre que se cumpran **todas** as condicións seguintes:

- ❖ Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias das que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a 5.
- ❖ Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a 10. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores.
- ❖ Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- ❖ Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- ❖ Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.



No caso de darse todos os supostos anteriores, aínda non tendo acadado algunha competencia, considerarase que o alumnado está en condicións de promocionar ó curso seguinte.

O alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ó longo do ensino obrigatorio. Excepcionalmente, poderá permanecer un ano máis en 4º da ESO se o equipo docente considera que deste xeito podería acadar as competencias da etapa. No PDC as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado que permaneza un ano máis no curso.

Dentro das medidas de atención á diversidade, o alumnado repetidor será merecente dun plan personalizado cuxo obxectivo é superar as deficiencias que se detectaran no momento da avaliación inicial. Será na propia avaliación inicial cando o titor/a do grupo recolla a información precisa para elaborar o dito plan (segundo o modelo que figura no PXAD e que se pode cubrir en FOL) no que se deixará constancia de cales son os elementos que se deben reforzar tanto no aspecto individual coma social e cales son as medidas, ordinarias ou extraordinarias, que se pretenden levar a cabo co dito alumnado. As persoas implicadas no dito plan específico serán, ademais do propio titor/a, a orientadora e o profesorado que lle imparta as materias nas que presentase as deficiencias.

Criterios de titulación

O equipo docente decidirá sobre a titulación do alumnado actuando de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos de etapa. Para obter a titulación en ESO o alumnado debe superar todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais o equipo docente poderá decidir a titulación dunha alumna ou alumno sempre que cumpra **todas** as condicións seguintes:

- ❖ Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a 5.
- ❖ Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias establecidas no perfil de saída.
- ❖ Que o equipo docente considere que alcanzou os obxectivos de etapa.

O alumnado que demostre un rendemento académico excelente na etapa terá a posibilidade de obter unha matrícula de honra.

Probas ou actividades personalizadas extraordinarias

1. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta, así mesmo, a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderá obtelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase.

2. Poderá inscribirse para realizar estas probas ou actividades o alumnado a que fai referencia o número 1 deste artigo e que non estea matriculado en ningunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria no curso académico en que solicite a inscrición nas ditas probas ou actividades.



No caso de que estivese matriculado nalgunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, poderá solicitar a súa inscrición se causou baixa antes de prazo de matrícula das probas ou actividades personalizadas extraordinarias

3. A inscrición e a matrícula realizarase no mes de maio de cada curso académico.

4. As probas ou actividades personalizadas realizaranse no centro educativo onde a alumna ou o alumno estivese matriculado por última vez no cuarto curso do ensino secundario obrigatorio, durante o mes de xuño.

5. O profesorado que imparte docencia das materias ou os ámbitos en que o alumnado se inscribise para a realización destas probas ou actividades será o encargado do seu deseño e da súa avaliación. Para tales efectos, o profesorado informará, cando menos, dos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación para cada materia ou ámbito en que a alumna ou o alumno estea inscrito, así como dos criterios de titulación.

6. Realizarase unha sesión de avaliación nas datas establecidas para a sesión de avaliación final en que participará o profesorado responsable das probas ou actividades e será coordinada pola persoa que exerza a xefatura de estudos ou a persoa en que delegue.

Avaliación de diagnóstico

No segundo curso de ESO realizarase unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador.

A avaliación en Bacharelato

O referente para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa son os criterios de avaliación. Estas cualificacións (medidas en notas de 0 a 10) obteranse a partir dos instrumentos de avaliación, definidos tamén nas programacións, e serán dadas a coñecer ás familias ó finalizar cada un dos tres trimestres nos que se reparte o curso.

Nas sesións de avaliación estará presente todo o profesorado do grupo, coordinado polo/a titor/a, e tamén un membro do equipo directivo e a orientadora do centro. Nelas, ademais de pór en común as cualificacións nas diferentes materias, analizaranse as causas das cualificacións acadadas polo alumnado e, de ser preciso, adoptaranse decisións para a mellora dos ditos resultados.

Organización das avaliacións

Cada curso está dividido en tres avaliacións parciais e máis unha avaliación final. Ademais farase unha avaliación extraordinaria no mes de xuño para aqueles alumnos e alumnas que tivesen unha avaliación negativa nalgunha das materias na avaliación final.

As **avaliacións parciais** realizaranse segundo o calendario establecido polo claustro ao inicio do curso no que se pretende que o reparto de sesións entre os trimestres sexa o máis equilibrado posible. A sesión da terceira avaliación farase coincidir coa avaliación final. Será a Xefatura de estudos a que estableza o calendario das sesións de avaliación, aténdose ás datas fixadas previamente. Será tamén a Xefatura quen organice unha adaptación do horario na semana previa á avaliación final de 1º e 2º de bacharelato para poder realizar probas de avaliación ou recuperacións finais, de acordo co establecido nas correspondentes programacións didácticas e nas NOF do noso centro. No espazo de tempo que vai entre a avaliación final e a realización das probas extraordinarias o centro organizará para 2º de bacharelato a impartición de clases para a preparación destas probas, así como para a



preparación das ABAU. En 1º de bacharelato este tempo dedicárase á preparación para as probas extraordinarias e para a realización de actividades de recuperación.

En cada reunión de avaliación, a xunta de avaliación, presidida polo titor/a, analizará os resultados de cada grupo en xeral e de cada alumno e alumna en particular e propondrá medidas de mellora, tanto das materias do curso en vigor coma, de ser o caso, das materias

pendentes. Da dita sesión o titor/a redactará unha acta, segundo os modelos que se encontran en FOL, da que se entregará copia en Xefatura de estudos.

Para facilitar o labor das persoas titoras de cara á xestión das sesións de avaliación, o profesorado adiantará a través de FOL a información relativa á situación de cada alumno/a. No caso da avaliación final ordinaria, para o alumnado que deba recuperar materia, o profesorado indicará que e como debe recuperar, para que o/a titor/a poida trasladar esta información ás familias.

Criterios de promoción de curso

O alumnado acadará a promoción de primeiro a segundo curso de bacharelato se supera todas as materias ou se ten avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado que promociione con materias pendentes debe matricularse delas e cursalas ó longo do curso. O alumnado que repita curso debe matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

Non obstante, o alumnado que ó termo do segundo curso tivese avaliación negativa nalgunhas materias si que poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo, neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Criterios de titulación

Para obter o título de bacharel cómpre a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente o equipo docente pode decidir que unha alumna ou alumno que suspendese unha materia obteña o título sempre que cumpra ademais as condicións seguintes:

- ❖ Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- ❖ Que non se produciu inasistencia continuada e non xustificada na materia. Considerarase inasistencia continuada a non asistencia sen xustificación¹ a unha porcentaxe do 15% ou superior das sesións lectivas ó longo do curso.
- ❖ Que se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- ❖ Que sexa igual ou superior a 5 a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título na modalidade pola que se remata.

Para a obtención da nota media que figurará no título calcularase a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima. Se o alumno cambia de modalidade ou de materia en segundo curso só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

¹ As xustificacións realizaranse de acordo co establecido nas NOF.



Procedemento para a acreditación de coñecementos previos en bacharelato

O alumnado pode matricularse en segundo de bacharelato, dentro da mesma modalidade, de materias que sexan continuidade doutras de primeiro aínda que non as cursara previamente, sempre que o profesorado que as imparta considere que conta cos coñecementos precisos para seguilas con aproveitamento. De non ser así, pode matricularse igualmente pero terá tamén que cursar a materia de primeiro, que lle figurará coma se fose pendente (aínda que non o é porque non se lle conta para impedir a promoción de primeiro a segundo).

Para acreditar os coñecementos previos o alumnado debe presentarse a unha proba obxectiva e avaliábel antes do inicio das actividades lectivas. A data concreta é establecida pola dirección do centro e faise pública a través da web, antes do comezo do novo curso.

A dita proba obxectiva será elaborada polo departamento (ou o profesor/a que a imparte) de acordo co que se estableza nas respectivas programacións didácticas. Logo da súa realización deixarase constancia dos/as alumnos/as presentados/as e dos resultados acadados nunha acta do departamento, da que se entregará inmediatamente unha copia en dirección para que o alumno/a poida ser matriculado debidamente antes do comezo das clases.

Só no caso de que o alumno ou alumna solicitase un cambio de materia na súa matrícula logo do comezo das clases e sempre que lle fose concedida, de maneira excepcional, poderase realizar a dita proba con posterioridade e, en todo caso, procederase sempre segundo o indicado arriba.

As materias afectadas son as materias “optativas” e mais a primeira lingua estranxeira, máis concretamente as seguintes: Primeira lingua estranxeira (no caso de haber cambio con respecto á cursada en primeiro), Segunda lingua estranxeira, Debuxo técnico, Debuxo artístico, Grego, Tecnoloxía e Enxeñería, TIC, Física (teñen que ter cursado Física e Química en primeiro), Química (teñen que ter cursado Física e Química en primeiro), Bioloxía (teñen que ter cursado Bioloxía e Xeoloxía en primeiro), Xeoloxía (teñen que ter cursado Bioloxía e Xeoloxía en primeiro).

No caso de Latín II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II e Matemáticas II non é posible a realización das ditas probas (son materias xerais) polo que necesariamente teñen que cursalas como pendentes.

No momento de matricularse, o alumnado é advertido deste feito, mais tamén é conveniente que o profesorado que imparte as materias afectadas llelo recorde no primeiro día de clase por se houberse algún/ha alumno/a que estivese matriculado de xeito irregular.

Critérios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior.

Ao inicio do curso o profesorado titor recollerá a información sobre a organización da atención ás pendentes do alumnado da súa titoría e trasladará esta información á xefatura de estudos. O departamento didáctico que corresponda elixirá o profesorado que realice o seguimento e avaliación das materias ou ámbitos pendentes tendo en conta que:

- a) Cando se trate da mesma materia ou ámbito será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia ou ámbito no actual curso académico.
- b) No resto de materias ou ámbitos será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do alumno ou alumna por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no actual.

Ó longo do curso, o alumnado con materias pendentes contará cun seguimento do profesorado responsable de atendelo segundo o plan de recuperación establecido en cada caso. A Xefatura de estudos encargárase de supervisar este seguimento das pendentes.



Os plans de recuperación de materias pendentes figurarán nas respectivas programacións. Non obstante, nestes plans figurarán sempre os seguintes elementos:

- Na ESO, posibilidade de que a alumna ou alumno poida ser recuperado cando supere aqueles aspectos da materia pendente recollidos no informe de avaliación final como causa da non superación da mesma.
- Posibilidade de fraccionar a recuperación a través de probas parciais ó longo do curso.
- Posibilidade de que se teña en conta na avaliación o traballo persoal semanal que o alumnado vaia realizando ó longo do curso.
- Naquelas materias que supoñan continuidade no curso seguinte, posibilidade de que se teña en conta na avaliación a superación da materia no seguinte curso.
- Na ESO ademais do plan de materias pendentes que figura na programación, o profesorado responsable do seguimento debe elaborar un Plan de reforzo para cada un dos alumnos/as nesta situación, no que se recollan todas as medidas que se consideren adecuadas para este alumnado.

Procedemento de revisión e de reclamacións ó longo do curso e ás cualificacións finais

Durante o curso todo alumno/a ten dereito a coñecer os criterios de avaliación e os contidos que se empregan para a súa avaliación, que se deben de corresponder cos que se estipulan nas programacións didáctica. Estes criterios, polo tanto, serán obxectivos e públicos.

Cando o grao de adquisición de coñecementos do alumnado sexa avaliado a través de exames, debe figurar ó lado de cada pregunta cal é a puntuación que se acadará no caso de estar contestada de xeito satisfactorio. Do mesmo xeito, cando a avaliación se realice a través de traballos académicos (orais ou escritos), o alumno/a debe saber en cada momento cales son os parámetros cos que se vai avaliar o seu traballo para o que se procurará achegar previamente unha lista de cotexo ou rúbrica que lle sirva de guía.

Co obxecto de que o alumnado coñeza os erros e poida superalos, todas as probas poderán ser revisadas polo alumnado unha vez fosen cualificadas. A dita revisión será realizada na aula de maneira colectiva ou, cando as condicións así o aconsellen, de maneira particular co/coa docente durante os recreos.

Se un/unha alumno/a non considerase pertinente a súa cualificación, logo de aclaralo co/coa docente, a súa familia poderá pedir unha entrevista co profesor/a e na mesma solicitar unha copia das probas realizadas. A dita solicitude realizarase a través do titor/a quen lle facilitará a documentación precisa para que quede constancia da solicitude e tamén da entrega da dita copia.

Reclamacións ás cualificacións finais

Logo da avaliación final ordinaria ou das probas extraordinarias, no caso de que un alumno/a non estea de acordo coa súa cualificación ten dereito a presentar unha reclamación, sempre despois de aclarar a situación co/coa docente e de poder revisar a cualificación das súas probas. Esta revisión débese facer preferentemente a través do impreso que se encontra na web do centro ou mediante un escrito propio pero, en todo caso, debe aterase ós seguintes puntos:

- a) Adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos empregados na avaliación do proceso de aprendizaxe en relación cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación do ámbito ou materia.

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023, no caso de querer solicitar a reclamación o/a alumno/a, ou os seus representantes legais no caso de ter menos de 18 anos, seguirá o seguinte procedemento (que se fará público na web do centro):



- Presentación da reclamación formal perante a dirección. **Prazo: Dous días** lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación.
- Revisión no centro:
 - Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do docente/s da materia e do departamento didáctico). **Prazo: Primeiro día lectivo seguinte** ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión.
 - De ser o caso, reunión extraordinaria da xunta de avaliación para revisar a decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas. **Prazo: Dous días** lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión.
 - Comunicación da decisión ó alumnado reclamante e á persoa docente titora. **Prazo: Día lectivo**, ou se fose o caso, hábil **seguinte**.
 - Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final. **Prazo:** Tras o proceso de revisión.
- Reclamación ante a Xefatura Territorial:
 - Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo. **Prazo: Dous días hábiles** a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.
 - Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final. **Prazo:** Tras o proceso de revisión.

No expediente de reclamación da cualificación final que se remita dende a Dirección incorporárase a seguinte documentación:

- a) **Escrito do/a alumno/a**, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal de reclamación ante a XT.
- b) **Informe do/a director/a** do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións ó/á alumno/a ou ás súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.
- c) **Copia da reclamación** razoada presentada polo/a alumno/a, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal ante a dirección do centro.
- d) **Informe motivado elaborado polo/a docente** que impartiu a materia que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou de modificación da cualificación final obxecto de revisión, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.
- e) **Informe motivado elaborado polo departamento** da materia da que se solicita a revisión.
- f) Copia da **resolución da dirección do centro**.
- g) Copia da **programación didáctica** do departamento da materia da que se solicita revisión, e, de ser o caso, do seguimento da dita programación.
- h) Copia dos **instrumentos de avaliación** empregados: exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado polo/a devandito/a alumno/a ó longo do curso na materia obxecto da reclamación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da/o alumna/o. No caso de convocatoria ordinaria deberánse enviar todos os instrumentos do curso. No caso de convocatoria extraordinaria remitiranse os instrumentos de avaliación empregados no período extraordinario.



- i) Copia da **acta de avaliación** ordinaria ou extraordinaria.
- j) De ser o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

O expediente de reclamación da decisión de titulación incluirá a seguinte documentación:

- a) **Escrito da/o alumna/o**, da nai, do pai ou da persoa titora legal, solicitando que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.
- b) **Reclamación razoada** presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal, ante a dirección do centro.
- c) **A acta da sesión extraordinaria** do equipo docente, que recollerá a descrición dos feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións e a ratificación/modificación razoada e motivada da decisión de titulación conforme aos criterios para a titulación establecidos na concreción curricular.
- d) Copia da **resolución da dirección** do centro.
- e) **Copia do apartado da concreción curricular do centro na que consten os criterios de titulación** da etapa educativa de bacharelato.
- e) De ser o caso, as **novas alegacións** da persoa reclamante de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

J) PROCEDIMIENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓN Ó LONGO DO CURSO E OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA

Na última xunta de avaliación o profesorado de cada grupo fará a proposta de candidatos/as para recibiren a matrícula de honra, tanto en 2º de bacharelato coma en 4º da ESO. En ambos casos os/as alumnos/as propostos deben acadar unha nota media de 9 no curso no que están matriculados. Concederáse esta mención como máximo a un número igual ó enteiro máis próximo ó 5% do total de alumnado matriculado no centro docente nese curso. Se o alumnado matriculado no curso correspondente é menor de 20, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

En caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios:

- a) A nota media da etapa.
- b) A situación económica das familias: medirase tendo en conta se teñen ou non bolsa de estudos.
- c) Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- d) Implicación do alumno/a en actividades extra-académicas no centro (ser delegado/a, estar nos EDLG, clubs de lectura, semana da ciencia...)

Para o desempate partírase sempre da nota media do apartado a) e sumárase 0,25 por cada un dos outros tres criterios que cumpra. En caso de persistir o empate farase un sorteo.

A adxudicación definitiva farase unha vez conclúa o período de reclamacións. Ao alumnado susceptible de matrícula engadiráselle nas observacións de boletín de notas a seguinte frase "A resolución de matrículas de honra realizarase o día ... ás horas. Contacten co centro".

K) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE ACADÉ A PROMOCIÓN CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

O procedemento para o seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes, tanto na ESO coma no bacharelato, serán definidos por cada departamento no apartado das programacións: **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes en Proens.**

Nestes plans figurarán sempre os seguintes elementos:

- ❖ Na ESO, posibilidade de que a alumna ou alumno poida recuperar a materia cando supere aqueles aspectos da materia pendente recollidos no informe de avaliación final como causa da non superación dela.
- ❖ Posibilidade de fraccionar a recuperación a través de probas parciais ó longo do curso.
- ❖ Posibilidade de que se teña en conta na avaliación o traballo persoal semanal que o alumnado vaia realizando ó longo do curso nas sesións de titorías.
- ❖ Naquelas materias que supoñan continuidade no curso seguinte, posibilidade de que se teña en conta na avaliación a superación da materia no seguinte curso.

Os plans de reforzo e recuperación de pendentes terán en conta que:

- **no caso do alumnado da ESO** deberá crearse un Plan de reforzo personalizado no que se recollan todas as medidas que se consideren adecuadas, que será obxecto de seguimento e avaliación nas diferentes sesións de avaliación parcial e final.
- **no caso de alumnado de bacharelato** programaranse actividades ou probas de avaliación para verificar nas diferentes avaliacións a superación das materias pendentes. Esta avaliación terá que ser anterior á das materias do segundo curso.

O departamento didáctico que corresponda elixirá o profesorado que realice o seguimento e avaliación das materias ou ámbitos pendentes tendo en conta que:

- a) Cando se trate da mesma materia (ou ámbito na ESO) será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia ou ámbito no actual curso académico.



b) No resto de materias (ou ámbitos na ESO) será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do alumno ou alumna por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no actual.

O profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico, informará sobre os aspectos básicos dos plans de reforzo ao alumnado e, de ser o caso, ós pais, nais ou ás persoas titoras legais.

L) AS DECISIONS E OS CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

A programación é un instrumento flexible que debe ser actualizado no mesmo momento en que se detecten deficiencias. A detección destas deficiencias susceptibles de cambio realízase a través dos indicadores de logro, que non só miden aspectos relacionados coa programación de aula, senón tamén os relacionados coa planificación recollida na propia programación.

As programacións serán elaboradas de maneira colexiada por todo o departamento, aínda que corresponde a redacción en Proens a cada profesor/a. Non obstante, no caso de que algún/ha docente non comparta algún dos acordos tomados debe facelo constar de maneira expresa e razoada na programación e responsabilizarse da redacción da opción alternativa.

Datas de entrega e revisións

As programacións didácticas son obxecto de revisión permanente, non obstante será despois da avaliación ordinaria de xuño cando o departamento analizará a validez da mesma, despois de realizar a análise e avaliación da consecución ou non dos indicadores de logro preestablecidos.

A programación anual do departamento debe estar preparada para o momento de comezo do curso, non obstante, tendo en conta que a incorporación do profesorado non definitivo no centro non se fai até mediados do mes de setembro, poderá nas dúas seguintes semanas realizárense as modificacións precisas para incorporar os cambios que sexan pertinentes antes de entregar a programación definitiva.

Na súa revisión atenderase ó seguinte:

1. Contémplanse os acordos presentes neste documento de Concreción curricular así coma no PLC.
2. A redacción dos apartados é clara e obxectiva, sobre todo os relacionados coa avaliación.

Un aspecto moi importante na práctica docente é a avaliación da mesma, sempre coa finalidade de mellorar e lograr unha maior eficacia. Para realizar esta avaliación centrarémonos nuns aspectos básicos que concretaremos en indicadores de logro medibles a través de cuestionarios de datos dirixidos ós docentes e ó alumnado. Estes datos servirán para unha reflexión que debe figurar como un punto específico na memoria final de cada departamento que se fará en Proens e que servirá para que os aspectos sinalados como deficitarios sexan incorporados como propostas de mellora para o curso seguinte.

Cuestionario para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino-aprendizaxe do profesorado:

Indicador	Si	Non	Parcialmente	Xustificación
Emprégase unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
Empregouse unha metodoloxía diversa.				
A metodoloxía empregada permitiu manter o control da clase.				
Coa metodoloxía empregada acadáronse os obxectivos de aprendizaxe perseguidos.				



O material didáctico empregado resultou adecuado.				
Seguíronse os acordos aprobados no PLC respecto á competencia comunicativa.				
Empregáronse recursos TIC.				
Participouse co alumnado en proxectos interdisciplinares de centro.				
O sistema de avaliación resultou adecuado para avaliar as competencias.				
A ponderación dos criterios dos avaliación resultou adecuada.				
Os instrumentos de avaliación foron os acaídos en cada circunstancia.				
A secuenciación e temporización estivo axustada.				
As medidas específicas de atención ó alumnado con NEAE foron adecuadas.				
Abordáronse os temas transversais acordados.				
Os resultados académicos no grupo nesta materia foron similares ou mellores ca os da media dos cursos anteriores.				
Os resultados académicos acadados nesta materia correspóndense cos resultados medios do grupo na maioría das materias.				
As actividades extraescolares realizadas na materia permitiron mellorar as competencias do alumnado.				
A valoración realizada polo alumnado sobre a materia resultou positiva.				
Outros específicos da materia (Ex: en Ed. Física medidas de seguridade...)				

M) OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

Un centro educativo debe ser un lugar de intercambio, de traspaso de coñecemento, de sensacións, de experiencias, en fin... de vivencias, e isto sempre en dobre vía porque o profesorado formamos pero tamén nos formamos e enriquecemos a través da práctica docente. Por isto un centro non pode ser un proxecto inamovible nin illado, os obxectivos do centro teñen que mudar e adaptarse ás necesidades do alumnado concreto e, por que non?, tamén do profesorado implicado xa que os claustros renóvanse e tamén evolucionamos os integrantes que permanecemos neles. Daquela, promoverase a escollo de proxectos, plans e programas que supoñan unha evolución positiva tanto no coñecemento da propia materia como nas metodoloxías e manexo de recursos que empregamos na aula, así como tamén na maneira na que nos relacionamos e xestionamos o traballo en equipo. Boa parte destas actividades de innovación e calidade educativa introducímolos a través dos plans de formación en centro que nos permiten implementar nas aulas novas metodoloxías e participar en programas de mellora. En concreto no noso centro participamos nas seguintes iniciativas:

Participación en programas educativos

- **PLAMBE.** Participamos dende o curso 2011 para promover e dinamizar os recursos da biblioteca.
- **Clubs de lectura.** Dende o curso 2007-2008 (cómpre destacar, por exemplo, que un 10% do alumnado do centro participa nestes clubs).
- **Programa Fullbright** dende o curso 2018-2019, derivado de sermos un **centro plurilingüe** aínda que neste momento xa non se oferta ningunha materia en inglés. Ofertamos tamén como primeira e segunda lingua estranxeira francés e portugués.
- **EDIXGAL:** Con respecto á **integración didáctica das TIC** hai que destacar que participamos no proxecto de introdución dos libros dixitais dende o curso 2017-18. O precedente fora a participación nos programas de **Aula Abalar** (dende o curso 2011-2012).

Plans de Formación do profesorado

Dende o curso 2012-2013 contamos de maneira ininterrompida con Plans de Formación do Profesorado no centro. Neles a través de cursos, seminarios e grupos trabállase ou traballouse nos últimos cursos nas seguintes liñas de formación:

- Planificación estratéxica das linguas no centro. TIL
- Aprendizaxe cooperativa
- Aprendizaxe competencial
- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede.
- Biblioteca escolar
- Iniciativas formativas no ámbito STEAM
- Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros.
- Mellora do benestar emocional.

Contratos-programa

Coa intención de atender mellor a diversidade e conseguir unha escola máis inclusiva comezamos no



curso 2017-2018 a nosa participación nos contratos programas orientada á atención ó alumnado vulnerable tanto academicamente coma en todos os demais aspectos, e tamén naqueles orientados á mellora das competencias e a excelencia académica, así como a mellor calidade na xestión do centro.

Participación nos “ Plan Proxecta”

Participamos dende o curso 2012-13 en diversas liñas dos Plans Proxecta que poñen o foco na educación afectiva e para a igualdade e a saúde e no coñecemento e posta en valor do patrimonio cultural, lingüístico e científico.

Participación en Proxectos institucionais

- Semana da ciencia: Fomos o centro pioneiro en participar na organización desta actividade xestionada e promovida polo Concello de Caldas que se organiza no mes de abril. O centro integra actividades de tipo científico no currículo das distintas materias (mesmo nas de letras) e durante esa semana o alumnado realiza exposicións de experimentos e actividades científicas a público externo ao centro.
- “Terras do Umia”. Somos fundadores da coordinadora de Equipos de dinamización da lingua galega que dende o ano 2008 organiza a Festa da Lingua e convoca certames literarios, musicais e de fomento da oralidade nos que participan todos os centros educativos da comarca.

Programas de intercambio lingüístico-cultural

O centro participou, antes da pandemia, en intercambios con outros centros escolares de comunidades autónomas con lingua propia. Este contacto posibilita que o noso alumnado acceda a realidades lingüísticas e culturais diversas que lle axudan a poñer en valor a nosa lingua propia e o feito de vivirmos nunha realidade plurilingüe e pluricultural.

Así mesmo participaremos noutros programas de intercambio con centros doutras comunidades sempre e cando teñamos centros de interese en común.

N) O PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

Este documento, elaborado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, será revisado, avaliado e/ou modificado pola propia comisión como mínimo cada catro anos e, antes diso, cada vez que a CCP o considere oportuno. Será o equipo directivo quen se encargará de propor á CCP as modificacións necesarias para a súa valoración. As ditas modificacións deben ser finalmente aprobadas polo Claustro e o Consello Escolar.